

As praias.

Unha praia defínese como a **acumulación de sedimento non consolidado (area, grava ou canto rodado) que se sitúa entre a liña de máximo alcance das ondas en temporal e pleamar viva** e unha profundidade que corresponde á zona onde deixa de producirse un movemento activo de sedimentos debido á acción das ondas.

Son **espazos de gran interese científico e cun uso turístico intenso**. Cada areal posúe unas formas e unas dinámicas propias, dependentes, en gran medida, da súa xénese, forma e localización no contexto costeiro. **A litoloxía e a tectónica explican gran parte dos tipos de praias na costa galega**, as súas dimensións e as súas características formais.

A praia da Frouxeira.

O complexo sedimentario praia-duna da Frouxeira é froito do proceso xeomorfolóxico costeiro que se iniciou fai máis de 5000 anos e que provocou a acumulación de sedimentos nunha barra areosa que permitiu a creación da lagoa costeira posterior.


Os recentes estudos de xeomorfloxía clasificaron esta praia como ancorada en dous extremos (“plage adossée; plage accrochée deux fois; plages accrochées aux deux extrémités”

“drift aligned beach, foreland”). Trátanse de areais situados en entrantes costeiros abertos con “puntas-extremos” de escaso desenvolvemento que interrompen á intensa deriva lonxitudinal que deposita parte da súa carga.

A praia atópase ancorada neses extremos, ocupando practicamente o ancho total establecido polo entrante. Son praias expostas a fortes ventos e temporais mariños con frecuentes modificacións nos seus perfís e tipos de areas. Posúen cordóns dunares que manteñen a súa relativa estabilidade en épocas de temporal. A súa xeometría en planta é rectilínea con lixeiras incurvacións nos extremos producidas pola presenza dos saíntes rochosos.

Dentro desta tipoloxía quedan incluídos os casos de “praias barreira” con lagoas costeiras traseiras en diferentes estados de evolución. Tamén se engloban neste tipo as praias orixinadas polo crecemento dunha seta ou dobre seta enfrontada que encerrou unha lagoa e se comportan da mesma maneira.

Partes dunha praia.



Esquema Estructura da praia. Fonte: Elaboración propia.

A pendente da praia é moldeada pola acción das ondas, sendo estas os principais

axentes de cambio na forma da praia, pero non os únicos (o vento, o home, etc.).

Dise que cando unha praia ten unha pendente inclinada ten un perfil de verán, o cal presenta a acumulación de sedimentos tanto na cara da praia como na parte de atrás da mesma. Dando paso á formación do berma, acumulación característica do perfil de verán. Do mesmo xeito para inverno fórmase o perfil de inverno ou perfil disipado, onde a pendente da praia é suave ou case plana. Onde a gran maioría dos sedimentos transportáronse cara á praia submarina formando a fosa e a barra.

Fonte: López Bedoya e Pérez Alberti (2006): Factores de erosión y degradación ambiental de los complejos sedimentarios costeros de Galicia en el marco de una ocupación poco planificada del litoral. En Pérez Alberti, A. y López Bedoya, J. (2006): Geomorfología y territorio: Actas de la IX Reunión Nacional de Geomorfología, Santiago de Compostela, 13-15 de septiembre de 2006